

# MIÑO RADI AL



**10 FEBRERO 2018**

INSCRIPCIONES: [WWW.DEPORTESOURENSE.COM](http://WWW.DEPORTESOURENSE.COM)

**REGULAMENTO**

## III MIÑO RADIKAL

CCNORTE organiza o III MIÑO RADIKAL en colaboración co CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE

### 1 - DATA E LUGAR:

Celebrarase o **10/02/2018** no **Paseo da Ponte as beiras do río Miño (Ourense)**  
As probas terán lugar a **partir das 10:00 da mañá seguindo o programa especificado no punto 17- DESCRICIÓN DAS PROBAS.**

A proba disputarase a pé polas beiras do río Miño, un enclave de extraordinaria beleza paisaxística. Trátase dun percorrido circular con saída nas inmediacións da Ponte Romana (parque da Ponte) ata a Pasarela de Outariz e volta ata a Pasarela de Oira para chegar de novo á meta na Ponte Romana.

O circuío mide 12.700m no que haberá varios obstáculos (neumáticos, telas de araña de cordas, tubos, paredes, trincheiras...) que obrigatoriamente hai que superar. No caso das tandas populares, cando a organización considere que unha persona non vai lograr superar o obstáculo, permitirase a realización de 20 burpees en compensación por non superar o obstáculo.

O tempo máximo para completar o percorrido é de 2 horas.  
O avituallamento líquido (auga) e sólido (peza de froita) estará situado na meta.

### 2 - PARTICIPACIÓN:

Poderán participar todos os atletas que o desexen, sempre que se atean ao indicado neste regulamento.



**10 FEBRERO 2018**

A Organización advirte de que a proba é dura e implica riscos inherentes á presenza de obstáculos naturais ou artificiais.

- Responsabilízase dos **accidentes** que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade en caso de padecemento latente, accidente por abandono do itinerario establecido ou negligencia do participante.
- Non se fai responsable dos obxectos de cada participante.
- Non se fai responsable dos danos que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba.
- Recoméndase aos participantes someterse a un recoñecemento médico previo coa fin de minimizar os riscos que entraña a realización de actividade física.

## 3 - CATEGORÍAS:

Categorías adultos:

- Barbantiño (18 a 29 anos)
- Deba (30 a 34 anos)
- Arenteiro (35 a 39 anos)
- Avia (40 a 44 anos)
- Arnoia (45 a 49 anos)
- Sil (dende 50 anos)

Categorías menores:

- de 7 a 11 anos
- de 12 a 17 anos

## 4 - INSCRIPCIÓN:

O importe da inscrición da dereito a participar na proba, seguro de responsabilidade civil e de accidentes, así como facer uso de todos os servizos establecidos pola Organización para os participantes.

Abrirase un período de inscrición en 2 tramos :

- Ata o **31 de decembro** (precio reducido)



**10 FEBRERO 2018**

- Dende o **1 de xaneiro** ata o **5 de febreiro**
- Dita inscrición realizarase en [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

A cota de inscrición para **adultos (dende 18 anos)** é de:

- **Tramo prezo reducido: 25 € + 1 € de aluguer de chip para non propietarios de chip amarelo Championchip**
- **Tramo prezo final: 30 € + 1 € de aluguer de chip para non propietarios de chip amarelo Championchip**

A cota de inscrición para **menores (desde 7 ata 17 anos)** é de:

- **Tramo prezo reducido: 5 €**
- **Tramo prezo final: 7 €**

As tandas de adultos serán cronometradas por chip, o cal deberase levar obrigatoriamente colocado na zapatilla ou no nocello. **Os propietarios de chip amarelo ChampionChip, deben participar obrigatoriamente con el.**

**Os participantes das tandas de adultos, recibirán unha camiseta técnica de tirantes coa imaxe do evento.**

**Ao chegar a meta todos os participantes (adultos e menores) recibirán unha medalla finisher.**

Non se admitirá cancelación de inscrición ni se devolverá o importe da mesma por motivos alleos a organización.

No caso de non poder asistir, admitiranse cambios de titularidade ata o 31 de xaneiro. Debes enviar un mail a [consulta@championchipnorte.com](mailto:consulta@championchipnorte.com) cos teus datos (dni, nome e apelidos), os da persoa que se inscribe no teu lugar e un documento que xustifique a causa do cambio.

Unha vez confirmada a inscrición só se permitirá o cambio de tanda no caso de que a asistencia a esa hora non sexa posible. Debes enviar un mail a [consulta@championchipnorte.com](mailto:consulta@championchipnorte.com) cos teus datos (dni, nome e apelidos) e un documento que xustifique a causa do cambio. A data límite para solicitar cambios é o 31 de xaneiro.

## 5 - SINALIZACIÓN:

O percorrido estará debidamente sinalizado con carteis indicadores e cintas de balizamento.

## 6 - CONTROLES:

No desenrolo da proba a Organización poderá dispoñer de puntos de control sendo obrigatorio o paso polos mesmos.

## 7 - AVITUALLAMENTOS:

Disporase de avituallamento sólido (peza de froita) e líquido (auga) na meta.

## 8 - DESCUALIFICACIÓNS:

Os responsables da Organización terán a potestade para retirar da proba aos corredores que non cumpran coas normas da proba, non completen o percorrido marcado, non leven a pulseira regulamentaria de forma ben visible, desatendan as indicacións dos organizadores ou manteñan unha actitude pouco deportiva co resto de corredores. Todos aqueles participantes que se vexan afectados por unha decisión de descualificación, deberán facer entrega da pulseira a organización e abandonar a proba atendendo as indicacións dos membros da Organización.

Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non seguir a sinalización específica da carreira (marcas, vallas, cintas, camiños) ou as directrices do persoal que intervéñen na Organización, que irá debidamente identificado.
- Non completar todo o circuíto da carreira, non pasar os controis ou non superar os obstáculos.
- Non levar a pulseira
- Falsificar datos persoais.

- A suplantación de identidade.
- Utilizar vehículos de axuda ou mesmo bicicletas, patíns, carriños de bebé e/ou similares.
- Ir acompañado doutras persoas que non sexan participantes inscritos na proba.
- Cando continuar a participación supoña un risco para a súa propia seguridade, para outros atletas ou para o desenvolvemento da proba.
- Alterar a marcha doutros atletas, condutas antideportivas... vulnerando as elementais normas do "Fair Play".
- Calquera outra circunstancia non prevista no presente regulamento pero que a Organización considere que é motivo de descualificación.

## 9 - PREMIOS (SO TANDAS DE ADULTOS):


- Trofeo para os **3 primeiros homes e 3 primeiras mulleres** das tandas elite (NORMATIVA O.S.O.)
- Medalla para os **3 primeiros** de cada categoría das tandas elite (NORMATIVA O.S.O.)
- Trofeo para os **3 primeiros homes e 3 primeiras mulleres** das tandas populares
- Medalla para os **3 primeiros** de cada categoría das tandas populares
- Trofeo para os **3 primeiros equipos mixtos das tandas populares** (grupos de 4 integrantes con representación de ambos sexos. Para formar o equipo todos os integrantes terán que estar inscritos na mesma tanda): A clasificación de equipos establecerase polo tempo do cuarto clasificado do equipo.

## 10 - REUNIÓN INFORMATIVA:

A organización antes de cada saída facilitará información dos detalles organizativos máis relevantes na zona de saída.

## 11 - ENTREGA DE DORSAIS.

Poderanse recoller o **propio día do evento no Pavillón dos Remedios (Av. Pardo de Cela, 2) ata media hora antes do inicio de cada tanda**



## 12 - MEDIO AMBIENTE:

Débense utilizar contedores e papeleiras habilitadas para tirar o lixo.

## 13 - ASISTENCIA SANITARIA:

A organización disporá de servizos de Socorro e Emerxencias. Así mesmo, ofrecerá en meta atención médica de primeiros auxilios para os deportistas que tiveran algunha necesidade excepcional.

## 14 - SEGURIDADE:

A organización resérvase o dereito de realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba si as condicións meteorolóxicas obrigan ou por forza maior.

En caso de suspensión do evento **por causas alleas a organización**, non se devolverá o importe da inscrición.


## 15 - AUXILIO EN ACCIDENTES:

Os participantes están obrigados a informar de calquera accidente ao persoal de organización.

## 16 – OUTROS SERVIZOS:

**Duchas e vestiarios:** Os participantes poderán facer uso das duchas e vestiarios do Pavillón dos Remedios (Av. Pardo de Cela, 2).

**Saída e meta** ambientadas con música e animación.



## 17-DESCRIPCIÓN DAS PROBAS

Estableceranse horarios, de obrigado cumprimento, de apertura e peche de cámara de chamadas para poder acceder a zona de saída.

As tandas elite están limitadas a 100 inscritos, as tandas populares están limitadas a 125 inscritos e as tandas de menores non teñen límite.

Apertura Cámara	Peche Cámara	Saída	Categorías	Distancia
9:45	9:55	10:00	TANDA 1 ELITE (NORMATIVA O.S.O.)	12,7 KM
10:05	10:15	10:20	TANDA 2 ELITE (NORMATIVA O.S.O.)	12,7 KM
10:45	10:55	11:00	TANDA 1 POPULAR	12,7 KM
11:05	11:15	11:20	TANDA 2 POPULAR	12,7 KM
11:25	11:35	11:40	TANDA 3 POPULAR	12,7 KM
11:45	11:55	12:00	TANDA 4 POPULAR	12,7 KM
12:05	12:15	12:20	TANDA 5 POPULAR	12,7 KM
12:25	12:35	12:40	TANDA 6 POPULAR	12,7 KM
12:45	12:55	13:00	TANDA 7 POPULAR	12,7 KM
15:45	15:55	16:00	TANDA 1 MENORES (7 A 11 ANOS)	1,3 KM (1 volta entre Ponte Romana e pasarela do Centro Comercial)
16:15	16:25	16:30	TANDA 2 MENORES (12 A 17 ANOS)	3,5 KM (1 volta entre Ponte Romana e Pasarela de Oira)

Os horarios e distancias poden ser modificados por motivos organizativos. A organización porá en coñecemento dos/as interesados calquera modificación no regulamento.

